

En virtude da competencia atribuída no artigo 2 parágrafo 5 do Decreto 237/2007, do 5 de decembro, polo que se crea a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Galicia, respecto a elaborar as instrucións que considere precisas para a mellora e eficacia da contratación da Administración autonómica e o seu sector público, na sesión da Comisión Permanente celebrada o 1 de marzo de 2012, adoptou aprobar este **Acordo 1/2012 polo que se da traslado, e se recomenda o seu uso, do modelo de formulario normalizado aprobado por este órgano co obxecto de reunir, nun único documento, as diversas declaracións responsables requiridas nos pregos de cláusulas administrativas particulares a teor do disposto no artigo 146 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante TRLCSP) e demais normativa de aplicación.**

ANTECEDENTES

Trae causa este Acordo do adoptado pola Junta Consultiva de Contratación do Estado o 15 de decembro de 2011 *“polo que se aproba un modelo de formulario normalizado de declaración responsable acreditativa da permanencia sen variación das circunstancias relativas á personalidade xurídica e demais circunstancias susceptibles de inscrición e constancia no ROLECE e se recomenda a súa aplicación aos órganos de contratación e o seu uso polas empresas”.*

Con igual obxectivo de simplificación e redución de cargas administrativas e para os licitadores, propúxose a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia refundir nun único documento as diversas declaracións responsables esixidas polo artigo 146 do TRLCSP e outras que a normativa vixente ven esixindo e que se traduce, na práctica, na inxustificada incorporación dun número variable de anexos con redacción dispar que, o longo do tempo, foron integrándose como modelos nos pregos de cláusulas que rexen a contratación da nosa Comunidade.

O documento permite, sen merma da súa uniformidade, a súa extensión, ampliación ou modificación por futuras regulacións normativas que esixan tales cambios. Sen embargo é importante que, con este deseño, sexa utilizado e aceptado por todos os órganos de contratación do sector público da Comunidade Autónoma, de xeito que as empresas solo necesiten coñecer e utilizar un único modelo de formulario facilitando así a xestión da documentación a aportar aos procesos de licitación e evitando erros e omisións dilatorias dos procedementos.

DECLARACIÓN INCLUIDAS NO DOCUMENTO:

1º.- O artigo 146.1 do TRCSP esixe, entre os documentos que deberán acompañar ás proposicións ou solicitudes de participación dos licitadores, a presentación dunha **declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar, así como atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

Aínda que a xenérica declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións de contratar do artigo 60 do TRCSP, xa as inclúe, detállase no documento, para maior concreción e respectando unha práctica habitual, referencia expresa á incompatibilidade de cónxuxes e persoas con análoga relación afectiva e o cumprimento das obrigas de alta e/o pagamento do imposto de Actividades Económicas (IAE).

Ademais faise expresa referencia á lei galega 9/1996, de 18 de outubro, sobre incompatibilidade dos membros da Xunta e altos cargos da administración autonómica e á necesidade de declarar o cumprimento das obrigas tributarias coa facenda autonómica.

2º.- Tamén indica o artigo 146, no seu parágrafo 3, que cando a acreditación da personalidade xurídica do empresario (e, no seu caso, a súa representación) e da solvencia económica, financeira e técnica o profesional se realice mediante a certificación dun **registro oficial de licitadores** xuntarase tamén unha **declaración responsable do licitador na que manifieste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación algunha.**

Inclúese no documento a devandita declaración en referencia aos datos contidos no ROLECE e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, certificados que, segundo o artigo 83 do TRCSP, teñen validez para acreditar, ante a administración autonómica, deputacións, concellos e todo o sector público dependente desas administracións, as condicións de aptitude dos licitadores inscritos en canto a súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira, e clasificación, así como a posible concorrencia de prohibicións de contratar.

3º.- Aos efectos previstos no artigo 145.4 do TRCSP inclúese tamén a **declaración responsable de empresas vinculadas** á entidade licitadora.

AUTORIZACIÓNS E COMPROMISOS

1º.- Tendo como obxectivo reducir cargas administrativas ás empresas, inclúese no documento aprobado unha **autorización, de carácter opcional para o declarante, para permitir ao órgano de contratación recabar os datos**

que obren en poder da Administración e foran necesarios para comprobar a veracidade das declaracións presentadas.

Nese caso, tales documentos ou datos alternativos que se precisen serán incorporados polo órgano responsable da tramitación, utilizando os medios telemáticos de que dispoña para a súa obtención.

A tal fin convén indicar o deber dos órganos de contratación de incorporar na súa xestión medios telemáticos que lles permitan acceder a calquera documento que sexa xerado pola propia Administración sen necesidade de requirir a súa aportación ao licitador. De igual xeito, deberían ir incorporándose a todos os órganos formas de acceso telemático a documentos doutras administracións públicas que xa ofrecen solucións con ese obxectivo (por exemplo acceso aos certificados de cumprimento de obrigas tributarias da AEAT ou a os da Seguridade Social).

2º.- Remata o documento cun compromiso, tamén de carácter opcional. Segundo o artigo 146.1d) do TRLCSP, as proposicións nos procedementos abertos e as solicitudes de participación nos procedementos restrinxido e negociado e no diálogo competitivo poderán ir acompañadas duna dirección de correo electrónico en que efectuar as notificacións. Considerouse oportuno incluír no documento un compromiso a aceptar e dar por válidas as notificacións que se produzan por tal medio no caso de ser indicada a pertinente dirección de correo.

O documento aprobado, nas súas versións en castelán e galego, xúntanse como Anexos do presente Acordo e poderase acceder a él en formato word na páxina web da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa no apartado dedicado á publicación de informes e recomendacións:

<http://www.conselleriadefacenda.es/web/portal/dictamentes-informes-recomendacions-instruccions-acordos>

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2012



DECLARACIÓN RESPONSABLE (galego)

Número de expediente:

Denominación do contrato:

Data da declaración:

DATOS DEL DECLARANTE

Nome:

Apelidos:

NIF:

Teléfono:

Fax:

Correo electrónico:

Dirección a efectos de práctica de notificacións:

(en caso de actuar en representación)

Entidade mercantil á que representa:

NIF:

Cargo:

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

- Que nin o asinante da declaración, nin a entidade á que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, atópanse incurso en suposto algún aos que se refire o artigo 60 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP).
- Que no forma parte dos Órganos de Goberno ou Administración da entidade ningún alto cargo aos que se refire a Lei 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984 de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, da Lei 9/1996, de 18 de outubro, de incompatibilidades dos membros da Xunta de Galicia e altos cargos da Administración



autonómica, nin se trata de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime electoral xeneral, nos termos establecidos na mesma.

- Que nin o asinante da declaración, nin ningún dos administradores ou representantes da entidade á que represento, é cónxuxe, persoa vinculada con análoga relación de convivencia afectiva ou descendentes das persoas ás que se refire o parágrafo anterior (sempre que, respecto de estes últimos, ditas persoas ostenten a súa representación legal).
- Que a entidade atópase ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal e autonómica impostas polas disposicións vixentes.
- Que a entidade atópase ao corrente no cumprimento das obrigas de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Que a entidade atópase ao corrente no cumprimento das obrigas de alta e pago ou exención do Imposto de Actividades Económicas impostas polas disposicións vixentes, o que xustificará documentalmente no momento en que sexa requirido.
- Que a entidade atópase inscrita no Rexistro de Licitadores que a continuación se indica (márquese o que corresponda), e que as circunstancias da entidade que nel figuran respecto dos requisitos esixidos para a admisión no procedemento de contratación son exactas e non experimentaron variación.

- Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (nº _____)*
- Rexistro Xeneral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (nº _____)*

- Que, en relación co establecido no artigo 145.4 do TRLCSP e no artigo 86 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas sobre empresas vinculadas, a entidade mercantil á que represento (consignar o que proceda):

Non pertence a un grupo de empresas nin estar integrada por ningún socio no que concorra algún dos supostos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio.

Pertence ao grupo de empresas ou está integrada por algún socio no que concorre algún dos supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio. A denominación social das empresas vinculadas é a seguinte:

a)

b),

etc.

AUTORIZO ao órgano de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que foran necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

COMPROMETOME a aceptar e dar por válidas todas as notificacións que se efectúen no correo electrónico: _____.

Firma:

DECLARACIÓN RESPONSABLE (castellano)

Número de expediente:

Denominación del contrato:

Fecha de la declaración:

DATOS DEL DECLARANTE

Nombre: Apellidos:

NIF:

Teléfono:

Fax:

Correo electrónico:

Dirección a efectos de práctica de notificaciones:

(en caso de actuar en representación)

Entidad mercantil a la que representa:

NIF:

Cargo:

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

- Que ni el firmante de la declaración, ni la entidad a la que represento, ni ninguno de sus administradores o representantes, se hallan incurso en supuesto alguno a los que se refiere el artículo 60 del texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público *(en adelante TRLCSP)*.
- Que no forma parte de los Órganos de Gobierno o Administración de la entidad ningún alto cargo a los que se refiere la Ley 5/2006, de 10 de abril, de regulación de los conflictos de intereses de los miembros del Gobierno y de los Altos Cargos de la Administración General del Estado, de la Ley 53/1984 de 26 de diciembre de incompatibilidades del personal al servicio de las Administraciones Públicas, de la Ley 9/1996, de 18 de octubre, de incompatibilidades de los miembros de la Xunta de Galicia y altos cargos de la Administración autonómica, ni se trata de cualquiera de los cargos



electivos regulados en la Ley Orgánica 5/1985, de 19 de junio, del Régimen electoral general, en los términos establecidos en la misma.

- Que ni el firmante de la declaración, ni ninguno de los administradores o representantes de la entidad a la que represento, es cónyuge, persona vinculada con análoga relación de convivencia afectiva o descendentes de las personas a las que se refiere el párrafo anterior (siempre que, respecto a estos últimos, dichas personas ostenten su representación legal).
- Que la entidad se halla al corriente en el cumplimiento de las obligaciones tributarias con la hacienda estatal y autonómica impuestas por las disposiciones vigentes.
- Que la entidad se halla al corriente en el cumplimiento de las obligaciones de Seguridad Social impuestas por las disposiciones vigentes.
- Que la entidad se halla al corriente en el cumplimiento de las obligaciones de alta y pago/exención del Impuesto de Actividades Económicas impuestas por las disposiciones vigentes.
- Que la entidad se halla inscrita en el Registro de Licitadores que a continuación se indica (*márquese lo que corresponda*), y que las circunstancias de la entidad que en él figuran respecto de los requisitos exigidos para la admisión en el procedimiento de contratación son exactas y no han experimentado variación.

- Registro Oficial de Licitadores y Empresas Clasificadas del Estado (nº _____)*
- Registro General de Contratistas de la Comunidad Autónoma de Galicia (nº _____)*

- Que, en relación con lo establecido en el artículo 145.4 del TRLCSP y en el artículo 86 del Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas sobre empresas vinculadas, que la entidad mercantil a la que represento (*consignar lo que proceda*):

No pertenece a un grupo de empresas ni estar integrada por ningún socio en el que concurra alguno de los supuestos establecidos en el artículo 42 del Código de Comercio.

Pertenece al grupo de empresas o está integrada por algún socio en el que concurra alguno de los supuestos del artículo 42.1 del Código de Comercio. La denominación social de las empresas vinculadas es la siguiente:

a)

b),

etc.



AUTORIZO al órgano de contratación a recabar los datos que obren en poder de la Administración que fueran necesarios para comprobar la veracidad de las declaraciones realizadas.

ME COMPROMETO a aceptar y dar por válidas todas las notificaciones que se efectúen en el correo electrónico: _____.

Firma: